

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia nº1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.

ASUNTO: Aprobación das Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria para a contratación laboral temporal dun/ha peón/na durante nove meses ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 (DOG. Núm. 50 do 13/03/2025) , e proceder a súa convocatoria.

EXPEDIENTE: 2025/E001/000007

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025). (código de procedemento TR351G), Expediente TR351G 2025-000000007-01

SEGUNDO.- Decreto de alcaldía Nº 576/2025 de 18/03/2025, de solicitude de subvención para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025.

TERCEIRO.- Resolución de concesión da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, da data 15/05/2025 (código de procedemento TR351G). EXPEDIENTE: TR351G2025-000000007-01

CUARTO.- Providencia de inicio expediente de contratación e elaboración bases de data 12/06/2025

QUINTO.- Solicitude de ampliación do prazo inicio contratación de data 12/06/2025

SEXTO.- Resolución da concesión de ampliación do prazo inicio contratación de data 13/06/2025

SÉTIMO.- Informe da Asesoría Xurídica sobre o procedemento do 20/06/2025

OITAVO.- Informe intervención con nota de reparo do 07/07/2025

NOVENO.- Resolución N.º 1273/2025 de 08/07/2025, de aprobación de bases e convocatoria do proceso de selección de peón/peoa APROL Rural, publicada no BOP Nº133, de 15 de Xulio de 2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores; Real Decreto Legislativo 3/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Emprego; Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública; Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axusta-lo procedemento de selección dos

funcionarios da Administración Local; e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado. Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do sector Público. Orde do 5 de marzo de 2025 establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e procede a convocalas para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025).

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Segundo o disposto na base Cuarta, no seu punto f, das Bases xerais e específicas para a contratación laboral temporal dun/ha Peón/peoa durante nove meses ao abeiro da orde do 5 de marzo de 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025)., do Concello de Betanzos, cando enumera os requisitos dos aspirantes: “Ser desempregado/a candidato/a remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina do SEPE de Betanzos.”

SEGUNDA. De acordo co establecido na base Sexta das Bases xerais e específicas para a contratación laboral temporal dun/ha Peón/peoa durante nove meses ao abeiro da orde do 5 de marzo de 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025) , do Concello de Betanzos, cando se regula a admisión de aspirantes: “Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do concello, e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal, e concederá un prazo de un (1) día natural para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros. As reclamacións, se as houbese, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas. No caso de que por circunstancias excepcionais houbese que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou entrevista, publicarase no Taboleiro de Edictos do concello, e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal.”

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista provisional admitidos/as e excluídos/as para a contratación laboral temporal dun/ha Peón/peoa durante nove meses ao abeiro da o orde do 5 de marzo de 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025) do Concello de Betanzos, polo procedemento de concurso-oposición.

ADMITIDOS

Apelidos e nome	DNI
JOSE ILLOBRE MARTINEZ	***592***
ANTONIO AMENEIROS CASAL	***717***
JUAN CARLOS CACHAZA SANJUAN	***324***

EXCLUÍDOS

Apelidos e nome	DNI	Causa
JUAN MANUEL OUBEL REY	***189***	Non cumpre a base quinta das bases, ao non presentar D.N.I en vigor.

SEGUNDO.- Conceder un prazo de 1 día natural para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura no marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O Secretario
Adrián J. Márquez Caramés

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE